

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión, sobre os investimentos necesarios no CEIP Felipe de Castro de Noia para o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e unha educación pública de calidade.**

Exposición de motivos

Alternativa Galega da Esquerda, a través de numerosas visitas realizadas aos centros de ensino de Galicia e de diferentes iniciativas parlamentares debatidas na comisión 4ª, vén constatando o deficiente estado de conservación da rede de centros públicos de ensino de Galicia.

A maior parte dos centros de ensino público galegos teñen máis de 30 anos de antigüidade, sendo a maioría orixinarios do período de concentración escolar das décadas dos 70 e 80 en que se constituíron os Grupos Escolares. A falla de investimentos na reparación e mantemento dos centros está a ocasionar frecuentes problemas nas instalacións educativas que se vén agravados nos períodos de inverno, onde as goteiras, humidades e inundacións son frecuentes.

Por outra banda, as condicións de hixiene, salubridade e seguridade de moitas das instalacións educativas distan moito de cumprir cos requisitos mínimos, sobre todo no referido a cuartos de baño, comedor escolar ...pero tamén nas aulas e espazos deportivos e de recreo.

O caso do CEIP Felipe de Castro de Noia onde están escolarizados ao redor de 400 alumnos e alumnas é outra mostra desta grave situación. De feito, estamos a falar dun centro construído nos anos 60 no que a falla continuada de investimentos e mantemento fan que na actualidade existan importantes eivas e deficiencias.

Unha das principais carencias do centro atopámola nas reducidas dimensións do Comedor Escolar, cunha capacidade para atender a 20 alumnos e alumnas como máximo e sen os medios mais elementais requiridos para unha instalación deste tipo, polo que resulta imprescindible a realización dunha serie de obras de acondicionamento para un servizo tan fundamental como é o comedor escolar para as familias e a súa conciliación familiar e laboral. Entre as prioridades que se detectan nesta instalación sinalamos:

- A Retirada do tabique divisor entre o comedor e salón de actos habilitado nese espazo.
- A instalación de servizo de auga quente sanitaria, mesado e fregadeiro.
- A posta a disposición de Mesas de comedor abatibles contra a parede para unha mellor distribución do comedor.
- O acondicionamento do espazo que actualmente cumpre as funcións de salón de actos.



Imaxes do actual comedor escolar

Os aseos de Educación infantil non se atopan integrados nas aulas desta etapa coas conseguíntes dificultades que isto implica, sobre todo nos procesos de ensino-aprendizaxe dos nenos e das nenas de 3 anos.

A aula de música do centro presenta un aspecto e estado impropios do que debe ser un espazo educativo, con evidentes problemas de humidades e ausencia de insonorización, polo que resulta necesario proceder coa rehabilitación deste espazo.

O reducido patio interior dispoñible para os 117 nenos e nenas de Educación Infantil do CEIP Felipe de Castro carece de illamento acústico o que provoca situacións que dificultan a convivencia de nenos e nenas neste espazo de lecer. Por outra banda, o chan deste patio non reúne as mínimas condicións de seguridade polo que require un recubrimento que achegue a protección necesaria.

O único espazo dispoñible para o acceso e estacionamento dos autobuses do centro, atópase no interior do recinto escolar e implica a invasión das beirarrúas dispoñibles durante as manobras que realizan os vehículos de transporte escolar, co risco evidente que este feito provoca.

Outra das necesidades urxentes do centro pasa pola creación dun polideportivo á vista do estado actual da zona cuberta dispoñible na que se imparte a educación física, onde as goteiras constantes e o estado dos vestiarios impiden que se devolvan as actividades de ensino e aprendizaxe de xeito digno. A falla dun espazo cuberto implica ademais que os nenos e as nenas non podan saír ao recreo nin levar a cabo actividades complementarias ou festivais en espazos amplos cando se precisa.



Estado do espazo cuberto e dos seus aseos

O Pleno da Corporación Municipal de Noia aprobou por unanimidade solicitar a Xunta de Galicia a creación dun Polideportivo que dea cobertura ao centro pero tamén as distintas actividades deportivas municipais, para elo é importante que a Xunta de Galicia comprometa o cofinanciamento deste polideportivo xunto co Concello de Noia. Con todo, a instalación cuberta existente precisa da realización de melloras elementais que corrixan as eivas anteriormente descritas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a:

- 1-Realizar os investimentos necesarios para acondicionar o comedor escolar do CEIP Felipe de Castro, de xeito que poda atender a demanda de prazas existentes no centro.
- 2- Arranxar o Salón de Actos e a aula de música do centro.
- 3-Arranxar os cuartos de baños do centro incluíndo o establecemento de aseos integrados na etapa de Educación Infantil.
- 4-Construción dun Polideportivo.
- 5-Modificación do trazado das beirarrúas existentes na entrada principal do centro de

xeito que garantan as condicións de seguridade de nenos e nenas e das súas familias durante as manobras realizadas polos autobuses escolares.

En Compostela, a 26 de xaneiro do 2016.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 26/01/2016 13:55:40

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/01/2016 13:55:47

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/01/2016 13:55:52

Eva Solla Fernández na data 26/01/2016 13:55:54

Anton Sánchez García na data 26/01/2016 13:55:58

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/01/2016 13:56:00